

Bo día a tod@s!!

Esta tarefa é para **primeiro, segundo e terceiro de primaria.**

O reto ao que vos tedes que afrontar esta semana é o de facer unha caixa sorpresa (imaxinaria) da que teñen que saír 5 animais. Cada animal tedes que describilo dicindo como é e que cualidades relacionadas coa educación física ten. O primeiro xa volo dou eu.

- 1- Teño unha caixa sorpresa e de esa caixa sorpresa vai saír... unha formiga que é un animal pequeno e forte, é negro. Ten 6 patas, dúas antenas, vive nun formigueiro. É un insecto. Pode camiñar e correr. Si ten ás pode voar. Non pode saltar, nadar ou bailar.

A vosa creación pode ser no formato que queirades, como fixéstedes na actividade anterior.

Se vos xurde algún problema non dubidedes en preguntarme.

Tedes dúas semanas para facerme chegar, sexa polo meu correo ou a través do WhatsApp da profe.

Saúdos 🌈❤️😊